## Paso 4 Autenticación de acceso

Unha vez que cubra os datos que garantan a súa identidade, que deberán coincidir cos existentes na base de datos da Seguridade Social, prema Aceptar, recibirá unha mensaxe vía SMS no seu teléfono móbil, cun contrasinal. Se non son correctos sairalle un aviso de erro no proceso de autenticación.


Autenticación de acceso

Datos del usuario

Información

Para poder acceder al servicio es necesario que los datos que se le solicitan en este formulario coincidan exactamente con los registrados en la Base de Datos de la Seguridad Social. Si alguno de los datos no coincide, se le mostrará un mensaje informativo advirtiéndole de esta circunstancia.

Si todos los datos son correctos, el sistema enviará a su teléfono móvil un mensaje SMS con un código de acceso para que lo introduzca usted a continuación. El hecho de acceder a este servicio e introducir voluntariamente su número de teléfono móvil, implica su autorización para que la Seguridad Social le pueda enviar mensajes SMS para este u otros propósitos informativos futuros.

Rellene los datos que garantizan su identidad

Tipo de documento DNI — Número de documento

Número de afiliación — Fecha de nacimiento

Número de teléfono móvil

Aceptar — celar

## Paso 5 Recepción de contrasinal

Se, efectivamente, os datos son correctos recibirá un código de acceso no seu móbil, válido por un curto período de tempo, que deberá introducir na pantalla de acceso ao servizo. Posteriormente, deberá premer en **Acceder.**

Introduza su código [ ]

Faga clic no Acceder — [Acceder]

## Paso 6 Obtención do informe

Tras a introdución do código de acceso (contrasinal), poderá visualizar o documento solicitado (segundo o exemplo, o Informe de bases de cotización) e imprimi-lo, se así o desexa. Ou ben, seguir as instrucións que, dependendo dos servizos solicitados, lle indique.

**Facilite o seu número de teléfono móbil, ben presencialmente en calquera oficina da Tesourería Xeral da Seguridade Social, ou ben, a través da Sede Electrónica da Seguridade Social.**

**Cubra os datos que garantan a súa identidade.**

**Os seus datos de identidade, deberán coincidir cos existentes na base de datos da Seguridade Social.**

Acceda a través da páxina web da Sede Electrónica da Seguridade Social: https://sede.seg-social.gob.es, ou desde a páxina web da Seguridade Social http://www.seg-social.es, enlace á Sede Electrónica ou ben escaneando o código QR que lle facilitamos.

QR-Code — Sede Seguridad Social

QR-Code — Web Seguridad Social

TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL · SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL

NIPO: 275-16-008-4 / Depósito legal: M-37483-2016

TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

# Acceda aos nosos servizos, mediante




GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL · SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL

# Reciba a súa clave de acceso a través de SMS

Facilmente e a través do seu ordenador, tableta ou smartphone, vostede pode solicitar diversos servizos da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

## Que servizos dispoñen de acceso SMS?

- Acreditación actividade agraria conta propia.
- Duplicado de documento de afiliación.
- Duplicado de documentos de Inscrición e Asignación de CCC para empresario.
- Duplicado de resolución/alta/baixa no RETA.
- Xustificante de xornadas reais traballadas.
- Informes:
  - Alta laboral a data concreta.
  - Bases de cotización.
  - Bases e cotas ingresadas.
  - Datos identificativos e de domicilio.
  - Informe de estar ao corrente nas obrigas da Seguridade Social.
  - Situación actual do traballador.
  - Situación de empresario individual.
  - Vida laboral acoutado.
  - Vida laboral.
  - Comunicación de Vida Laboral e Bases de Cotización aos traballadores.
  - Informes negativos de afiliación e de inscrición de empresario.

## Como pode obtelo?

Como paso previo, facilite o seu número de teléfono móbil, ben presencialmente en calquera oficina da Tesourería Xeral da Seguridade Social, ou ben, a través da Sede Electrónica da Seguridade Social, se posúe un certificado dixital.

### Paso 1 Acceso á páxina web

Hai dúas formas de acceder:

A través da páxina web da Sede Electrónica da Seguridade Social
**https://sede.seg-social.gob.es**
ou desde a páxina web da Seguridade Social
**http://www.seg-social.es**
con enlace á Sede Electrónica.




### Paso 2 Acceso aos servizos

Pode acceder, picando na pestana de "Cidadáns" e, dentro deste, en "Informes e Certificados", ou ben:

Faga clic na icona **Entrar**

Entrar




### Informes e Certificados

Seleccione o servizo que desexe: *Por exemplo, se o que desexa é un Informe de bases de cotización:*

Informes e Certificados

- Certificado de estar ao corrente nas obrigas da Seguridade Social +
- Certificado de percepción de pensións públicas +
- Certificado Provisional Substitutorio (CPS) +
- Comunicación de Vida Laboral e Bases de Cotización aos traballadores 2015 +
- Duplicado de documento de afiliación +
- Duplicado de resolución/alta/baixa en Réxime Especial de traballadores por conta propia ou autónomos +
- Información de retencións e ingresos a conta do IRPF +
- Informe de acreditación actividade agraria conta propia +
- Informe de alta laboral a data concreta +
- Informe de bases de cotización +
- Informe de bases e cotas ingresadas +
- Informe de datos identificativos e de domicilio +
- Informe de estar ao corrente nas obrigas da Seguridade Social +
- Informe de situación actual do traballador +
- Informe de situación de empresario individual +
- Informe de vida laboral +
- Informe de vida laboral acoutado +
- Informe negativo de afiliación +
- Informe negativo de inscrición de empresario +
- Xustificante de xornadas reais traballadas +
- Revalorización de pensións +
- Solicitude de certificado de prestacións +

### Paso 3 Acceso ao servizo concreto

Unha vez despregado, seleccione **Vía SMS**




Faga clic no icona **Vía SMS**